

SELECCIÓN DE ESTUDANTES DA USC PARA O CURSO INTERNACIONAL “**DESEÑO DE PROXECTOS ApS RELACIONADOS COS INCENDIOS FORESTAIS**”, NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+ KA2 "*FacingFIRE project: Service-learning to improve training and employability in wildfire management in Southern Europe*"
(MOBILIDADE CON FINS FORMATIVOS)

O proxecto FacingFIRE, integrado por profesorado da Escola Politécnica Superior de Enxeñería e das facultades de Bioloxía, Ciencias da Comunicación, Formación do Profesorado, Administración e Dirección de Empresas, Económicas e Empresariais, e Ciencias da Educación, convoca 7 prazas de mobilidade coa finalidade de participar no curso *Service-Learning Projects in Wildfire Management*, enmarcado no proxecto “FacingFIRE project - Service-learning to improve training and employability in wildfire management in Southern Europe”, financiado polo Programa Erasmus+ KA2. Neste proxecto participan institucións de educación superior e outras entidades procedentes de 4 países da Unión Europea: España, Grecia, Italia e Portugal.

BASES DA SELECCIÓN

PRIMEIRO. Obxecto da selección e descrición do programa

O obxecto desta selección consiste na publicación das bases para a selección de estudantes de cara á realización dunha estadía formativa dunha semana de duración na Universidade de Aveiro (Portugal) -institución socia do proxecto- para a participación nun curso internacional. O obxectivo principal deste é adestrar no deseño e implementación de proxectos de Aprendizaxe-Servizo para mellorar a comprensión e reducir a problemática causada polos incendios forestais.

Máis información sobre o curso pode ser consultada [aquí](#) ou nos enderezos proyecto.plantandocara@usc.gal e project.facing.fire@usc.gal. As consultas tamén poden ser remitidas ás persoas responsables do proxecto nas diferentes facultades: agustin.merino@usc.gal (Escola Politécnica Superior de Enxeñería), otilia.reyes@usc.gal (Facultade de Bioloxía), enrique.castello@usc.gal (Facultade de CC da Comunicación), mdelmar.lorenzo@usc.gal (Facultade de Ciencias da Educación), otero.urtaza@usc.es (Formación do Profesorado), jacobo.feas@usc.gal (Facultade de Administración e Dirección de Empresas), e marisa.chas@usc.gal (Facultade de Económicas e Empresariais).

SEGUNDO. Requisitos de participación

A selección vai dirixida a estudantes de diferentes centros da USC (Escola Politécnica Superior de Enxeñería, e facultades de Bioloxía, Ciencias da Comunicación, Formación do Profesorado, Administración e Dirección de Empresas, Económicas e Empresariais, e Ciencias da Educación) que cumpran cos seguintes requisitos:

- Nivel demostrable de inglés (o curso desenvolverase integramente nesta lingua).
- Ser estudante de último ano nun grao ou mestrado da USC.

TERCEIRO. Duración do curso

A duración do curso será de 7 días na institución de destino: do **26 de setembro ao 2 de outubro de 2021**.

CUARTO. Formalización da Solicitud

A persoa solicitante deberá presentar a seguinte documentación:

- Impreso de solicitud (Anexo I). *O Anexo I pode ser asinado con sinatura electrónica con certificado da FNMT ou sinatura manuscrita.*
- Copia simple do expediente académico
- *Curriculum vitae* (máx. 2 A4, fonte Arial, tamaño 11)
- Carta de interese (máx. 1 A4, fonte Arial, tamaño 11)

Aquelas solicitudes que non cumpran cos requisitos e non entreguen todos os documentos que aquí se solicitan consideraranse automaticamente rexeitadas. A presentación da solicitud implicará coñecer e aceptar o contido da presente selección.

QUINTO. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será **ata as 14.00 h do 24 de Agosto de 2021**.

A presentación de solicitudes farase a través do envío da documentación ao seguinte email: project.facing.fire@usc.gal

Deberase colocar PARTICIPACIÓN CURSO FacingFIRE no asunto do email.

SEXTO. Criterios de avaliación

Para a selección aplicarase o seguinte baremo sobre un máximo de 100 puntos:

1. Expediente académico: máximo 30 puntos.
2. *Curriculum vitae* (CV): máximo 30 puntos. O CV da persoa candidata debe facer especial mención á participación en proxectos e traballos de investigación, estadias laborais e de estudos, premios, actividades de participación social, así como outros méritos relacionados co obxectivo deste curso.

Dentro do *curriculum vitae* da persoa candidata valorarase especialmente a competencia lingüística en lingua inglesa (podendo acadar ata 15 puntos), tal e como se indica a continuación:

- Nivel B1 → 5 puntos
- Nivel B2 → 10 puntos
- Nivel C1 ou superior → 15 puntos

No caso de non dispoñer de certificado de nivel de inglés, o nivel das persoas solicitantes avaliarase mediante entrevista persoal ante a comisión de selección.

3. Carta de interese: máximo 15 puntos
4. Entrevista persoal (en inglés): máximo 25 puntos

SÉTIMO. Avaliación e selección

A Comisión de Selección estará integrada por unha representación paritaria formada por representantes de cada unha das diferentes facultades da USC participantes no proxecto.

Composición da Comisión

Agustín Merino García

Otilia Reyes Ferreira

Enrique Castelló Mayo

María del Mar Lorenzo Moledo

Eugenio Otero Urtaza

Jacobo Feas Vazquez

María Luisa Chas Amil

Beatriz Cebreiro López

Pablo Souza Alonso

Esta Comisión levará a cabo a selección das candidaturas de conformidade coas directrices proporcionadas pola EACEA. Polo tanto, o procedemento de selección será transparente, xusto, equitativo, coherente e estará ben documentado; adoptaranse todas aquelas medidas necesarias para evitar calquera conflito de intereses entre as persoas que poidan formar parte dos órganos ou no proceso de selección e o alumnado beneficiario individual; e a selección tentará reflectir o carácter multidisciplinar do proxecto, adxudicando de forma proporcionada, sempre que sexa posible, candidaturas de cada unha das facultades que participan no proxecto. Sempre que as persoas candidatas cumpran cos requisitos, resérvase unha praza por centro.

OITAVO. Admisión e exclusión

Dentro dos 5 días naturais despois de teren finalizado o prazo de presentación de solicitudes e antes da súa valoración, a Comisión de Selección publicará na páxina web do proxecto FacingFIRE (<http://facingfire.eu/>) a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas.

Por tratarse dunha selección en réxime de concorrencia competitiva, a Comisión de Selección poderá acordar a publicación da relación de solicitantes que constituirán unha lista de agarda no caso de que existan renuncias de persoas beneficiarias.

Para emendar os defectos da publicación anterior, as persoas candidatas admitidas e excluídas poderán xustificar o dereito a seren admitidas no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación, quedando excluídas definitivamente de non facelo.

NOVENO. Proposta de candidaturas

Efectuada a valoración, a Comisión de Selección procederá á publicación dos resultados da selección de persoas candidatas na páxina web do proxecto FacingFIRE (<http://facingfire.eu/>), coa indicación dunha lista ordenada das candidaturas, así como dunha lista de candidaturas en agarda. Contra esta proposta as persoas interesadas poderán presentar alegacións á Comisión de Selección a través do email project.facing.fire@usc.gal no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte á súa publicación. Transcorrido este prazo e unha vez analizadas as alegacións, de ser o caso, a proposta considerarase definitiva.

DÉCIMO. Aceptación

As persoas seleccionadas deberán contactar coa dirección do proxecto (project.facing.fire@usc.gal) para asinar un formulario de aceptación (neste punto requírese sinatura electrónica con certificado da FNMT) e recibir a credencial de persoa beneficiaria. Unha vez rexistradas as aceptacións, o grupo de coordinación contactará coas persoas seleccionadas para confirmar as datas, informar do programa de traballo e proporcionar a información necesaria sobre o curso.

UNDÉCIMO. Obrigas das persoas seleccionadas e xustificación da participación no curso

As persoas beneficiarias serán responsables de tramitar a súa viaxe ata o límite que marca a presente selección e deberán presentar á coordinación do proxecto a seguinte documentación no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización da mobilidade:

- Un certificado expedido pola institución de acollida xustificativo da participación no curso. O certificado debe ser o orixinal, sen riscaduras nin emendas, expedido (asinado e selado) pola unidade responsable da acollida na institución socia.
- Billetes de tren/autobús, peaxes e facturas. Todos os documentos deberán ser orixinais.

A continuación, as persoas beneficiarias deberán formalizar un informe final sobre as actividades realizadas segundo o modelo que se lles facilitará.

IMPORTANTE: debido á situación sanitaria actual, todas as persoas beneficiarias teñen a obriga de informarse e cumprir a normativa vixente en casos de viaxe, tanto no país de orixe como no de destino. Isto inclúe a obrigatoriedade de presentar os correspondentes documentos acreditativos (pasaporte sanitario, proba PCR negativa), así como o cumprimento das recomendacións para evitar o contaxio (máscara, distanciamento). O incumprimento destas obrigas será responsabilidade unicamente da persoa beneficiaria e implicará a exclusión inmediata do programa.